



**MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017**



Praza do conselleiro Fernando Salgado nº 2  
Monterroso, 27560 Lugo

**ieu.gal**

institutoulloa@gmail.com tfno. 687408510

## **INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)**

### **MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017**

#### **I.- INTRODUCCIÓN:**

Un grupo de 21 persoas vinculadas á comarca da Ulloa constituíron o 19 de decembro de 2015 na palleira da coñecida como Casa de Laxe, lugar de Chorexe, parroquia de Pidre (Palas de Rei), o Instituto de Estudos Ulloáns (IEU).

A principal pretensión dos fundadores desta asociación é a de preservar investigar e divulgar o patrimonio da Ulloa.

A Asociación foi inscrita con carácter definitivo no Rexistro Central de Asociacións con número 2016/019973.

Ten o seu domicilio social en Galicia, Praza do Conselleiro Fernando Salgado nº2, Monterroso, Lugo. A súa URL é [www.ieu.gal](http://www.ieu.gal) e a súa conta de correo electrónico [institutoulloa@gmail.com](mailto:institutoulloa@gmail.com).

#### **II.- MODIFICACIÓNS ESTATUTARIAS:**

A Xunta de Goberno, segundo acordo de modificación de estatutos na Asemblea Xeral do 18 de febreiro de 2017, está integrada por Xosé Francisco Pardo Teijeiro (Director), Jesús Otero Calvo (Vicedirector), José Miguel de Castro Blanco (Secretario), Xosé Luís Santiso García (Administrador) e tres vogais: vogal 1º Braulio Vilariño Varela, vogal 2º Marta Gontá Cordeiro, vogal 3º María José Gómez Alvite.

Na mesma Asemblea Xeral acordouse establecer catro tipos de socios: numerarios, honorarios, institucionais e protectores.

### **III.- PRESENZA EN INTERNET:**

Desde a súa constitución sempre foi desexo do IEU ter presenza en internet, para o que se adquiriu o dominio ieu.gal (óptase por un dominio punto gal xa que consideramos como parte do obxecto social a defensa e divulgación do noso idioma e identidade galega ).

As redes sociais, en concreto en Facebook, actúan de espello dos contidos da páxina web, tendo a día 31 de decembro un total de 587 seguidores.

### **IV.- SEDE ADMINISTRATIVA**

O antigo edificio do Centro de Saúde de Monterroso, situado na Praza do Conselleiro Fernando Salgado nº 2, é a sede administrativa do IEU.

O Concello de Monterroso deberá asinar un convenio co Instituto de Estudos Ulloáns pola cesión do uso da parte correspondente de dito edificio como sede administrativa do IEU. Aínda que esta é a sede administrativa permanente, o IEU desenvolve actividades culturais e de divulgación noutras localizacións emblemáticas da Comarca.

Das tres salas cedidas como sede do Instituto, foi habilitada a correspondente a despacho de dirección e administración, dotada con mobiliario, mesa de xunta directiva e equipos de procesado de información propiedade do IEU, estando previsto destinar as outras a biblioteca e sala de conferencias e exposicións.

### **V.- POLÍTICA DE SOCIOS**

O IEU foi creado por 21 persoas (socios fundadores).

A 31 de decembro de 2016 o número de socios ascendía a 51, incorporándose como socios institucionais o concello de Palas de Rei e o de Monterroso e como socios protectores as empresas Granxas Campomayor e Jim Sport.

Por acordo da Asemblea Xeral do 18 de febreiro de 2017 foi nomeado socio honorario o escritor Xesús Alonso Montero.

A 31 de decembro de 2017 o número de socios ascende a 73.

É intención da Xunta de goberno aumentar sensiblemente a base social para o ano 2018.

## **VI.- ACTIVIDADES 2017:**

O IEU estrutúrase en dez seccións e as actividades de cada unha delas son as que seguen:

### **1.- HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA**

- Conferencias da historiadora María José Gómez Alvite “A Feira na prensa nos anos 60 e 70” e do economista Fernando Salgado “Posibilidades de desenvolvemento económico da Ulloa a comezos do século XX en relación ás feiras e ao proxecto da creación da liña de ferrocarril Lugo- Pontevedra” o 29 de xullo, no Salón de actos do Auditorio Municipal de Monterroso, na xornada previa a *Feira dos Bicos* de Monterroso.
- “Cabeceiras, os hórreos dos pobres”. Investigación de Cristina Varela Cadahía publicada en *Cairón nº 1*.
- “Rastros románicos dunha orde militar en Marzán”. Investigación de María José Gómez Alvite publicada en *Cairón nº 1*.
- “Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única!”. Investigación de Fernando Salgado publicada en *Cairón nº 1*.
- “A aurora do porvir chega dende América. As escolas da emigración promovidas na Ulloa por emigrantes radicados en Cuba no primeiro terzo do século XX”. Investigación de Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López publicada en *Cairón nº 1*.
- Invitado á presentación o 25 de xuño, no Museo de La Voz de Galicia en A Coruña, da colección de libros “Historias de Galicia” do socio do IEU Fernando Salgado. Asistiron representando ao IEU o seu director e o vicedirector.
- Corrección e elaboración da información procedente de Turismo referente ás igrexas románicas do concello de Monterroso, realizada por María José Gómez Alvite.
- “Da obxectividade positivista á intersubxectividade socio-crítica”. Prólogo de Francisco Pardo Teijeiro, como director do IEU, ao libro do socio Xulio Pardo de Neyra “Da fidalguía á República. Achegamento histórico aos estratos fidalgo e labrego da Ulloa a través das familias Arias-Somoza e Ouro” publicado pola Deputación de Lugo.

### **2.- FILOLOXÍA, LITERATURA E TOPONIMIA**

- Presentación o 13 de maio, no Auditorio Municipal de Monterroso, do libro “A poesía de Lorenzo Varela explicada nos centros de ensino”.
- Actos de nomeamento como socio honorario do IEU ao escritor e filólogo Xesús Alonso Montero. Na palleira da casa de Laxe (Chorexe, Palas de Rei), onde se fundou o IEU, coa intervención de Gregorio Ferreiro e de Xesús Alonso Montero, e no Auditorio Municipal de Monterroso, coas intervencións de Alonso Montero e de Francisco Pardo.

- “Un poema esquecido de Lorenzo Varela”. Investigación de José Ángel García López publicada en *Cairón nº 1*.
- “Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega”. Investigación de Xulio Pardo de Neyra publicada en *Cairón nº 1*.
- “O Mintireiro Verdadeiro”. Investigación de Xosé de Castro publicada en *Cairón nº 1*.
- Invitado do editor na presentación da Editorial Mesopotamia celebrada o 22 de abril na pinacoteca do museo da Nosa Señora da Antiga ou Colexio do Cardenal de Monforte de Lemos. Representado por Francisco Pardo e Braulio Vilariño.

### **3.- ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS. GASTRONOMÍA**

- XXV Feira do Queixo Monterroso celebrada o 30 abril: stand para divulgación de número 1 de *Cairón nº 1*.
- Institución invitada polo concello de Monterroso na XXV Feira do Queixo do 30 abril. Representado por Francisco Pardo e Xosé de Castro.
- Institución invitada ao 20 Aniversario de Craega celebrado o 20 de decembro en Arqueixal (Albá, Palas de Rei). Representado por Francisco Pardo e Xosé de Castro.
- “O último da Lira”. Investigación de Pablo Pardo publicada en *Cairón nº1*.
- A cesión ao IEU das esculturas de Fermín del Amo frutificou coa instalación dunha en fronte da sede do IEU en Monterroso e outra a carón da Casa de Cultura de Antas de Ulla.

### **4.- CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL**

- Organización, en colaboración coa asociación *Quercus Sonora* de Antas de Ulla da “Xornada informativa sobre a normativa das plantacións de eucalipto e a xestión e valor dos nosos bosques nativos” o venres 19 de maio, que se desenvolveu nas Aulas de cultura de Antas de Ulla e de Palas de Rei.

### **5.- XEOGRAFÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO, PAISAXISMO**

- “A indisciplina urbanística na Ulloa”. Investigación de Sabela Pardo publicada en *Cairón nº 1*.
- “Vilar de Donas: a transformación da casa vivenda tradicional”. Investigación de Divina Pérez Viña publicada en *Cairón nº 1*.
- “Entrevista con Xurxo Salvador, un dos responsables da restauración do castelo de Pambre”. Entrevista de Daniel Salgado publicada en *Cairón nº 1*.
- Proxecto para a recuperación dos camiños Reais do concello de Monterroso, do que é autora a coordinadora da Sección de Historia do IEU María José Gómez Alvite.

- Colaboración co proxecto e campaña a favor dun monumento á inmigración galega na cidade autónoma de Buenos Aires promovido polo deputado arxentino Emilio Raposo Varela.

## **6.- AUDIOVISUAL**

- A páxina de Facebook “Fotos antigas de Palas de Rei” (con máis de 300 fotos publicadas) pasou a ser xestionada polo IEU. A 31 de decembro tiña 957 seguidores.  
Algunhas destas fotos foron incorporadas á páxina web, así como outras de Monterroso e Antas de Ulloa, ligazóns a vídeos da feira de Santos, o Castelo de Pambre, a adaptación cinematográfica feita por Gonzalo Suárez da novela de Emilia Pardo Bazán “Os Pazos de Ulloa”, etc.
- “Santa Muller”. Reportaxe fotográfico de Patricia Coucheiro publicado en *Cairón nº 1*.

## **7.- BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL**

- Proxecto de organización do espazo dedicado á biblioteca na sede social de Monterroso.

## **8.- SALA DE EXPOSICIÓNS, VISITAS GUIADAS E VOLUNTARIADO**

Exposicións:

- “As Nosas Señoras do Camiño”. Réplicas de dez virxes románicas realizadas por Ana Sastre, expostas na sala de exposicións do Castelo de Pambre (Palas de Rei, Lugo) dende setembro de 2016 e prorrogada ata agosto de 2017. Foi subvencionada por Plan Xacobeo e estímase que a exposición foi visitada por máis de 12.000 persoas.
- “Alteración. Esculturas e pinturas de Lomarti”. Sala de exposicións do castelo de Pambre (Palas de Rei, Lugo). Dende o 15 de outubro de 2017 ao 15 de xaneiro de 2018.

Planificación de exposicións para 2018. Sala do castelo de Pambre, cedida polo concello de Palas de Rei:

- Do 3 de febreiro ao 8 de abril: pinturas e esculturas do Grupo Bacabú (integrado por Q. Bordell, S. Catalán, J. Espiral, Honorio e X. Refojo).
- Do 14 de abril ao 15 de xuño: pinturas e esculturas de Xosé Luís Seara.
- Do 16 de xuño ao 22 de agosto: pinturas de Xoan Guerreiro.
- Do 25 de agosto ao 4 de novembro: esculturas de Daniel Caxigueiro.
- Do 10 de novembro ao 8 de xaneiro: fotografías de Peter Schneider.

Visitas guiadas do IEU:

Para todas as visitas guiadas do IEU a espazos patrimoniais da Ulloa, organizadas por María José Gómez Alvite, a historiadora elaborou as correspondentes fichas informativas e diarios de ruta que serán colgados nun apartado específico na páxina web do IEU.

- Visita a San Martiño de Fente (Monterroso) o 14 de maio, guiada por D. Carlos Méndez, director e fundador do Museo Etnográfico de Monterroso.
- Visita aos petróglifos de San Fiz de Amarante (Antas de Ulla) o 2 de xullo, organizada por María José Gómez Alvite, coordinadora da sección de Historia, e guiada polos socios D. Carlos Méndez e Cristina Varela.
- Visita á contorna do castro de Sirgal (Monterroso) o 29 de outubro, organizada pola historiadora María José Gómez Alvite e guiada por D. Carlos Méndez.
- Visita a Ligonde (Monterroso) e Vilar das Donas (Palas de Rei) o 17 de decembro, organizada pola María José Gómez Alvite e guiada pola mesma historiadora e pola profesora Orpidia Expósito Castro.

Outras visitas guiadas:

- Colaboración coa Fundación *Eira da Xoana* na “Festa de Benvida ao verán” do 24 de xuño, na que Francisco Pardo, en representación do IEU, guiou a visita ao balneario das Augas de Frádegas (Antas de Ulla).
- Colaboración con *Espazos sonoros*. O 17 de setembro Francisco Pardo, representando ao IEU, guiou a visita ao castelo de Pambre previa ao concerto de guitarra clásica do músico e investigador tudense Samuel Diz.

## **9.- MUSEO ETNOGRÁFICO DA ULLOA**

- Proxecto para a creación dun Centro de Interpretación da Feira de Monterroso, do que é autora a coordinadora da Sección de Historia do IEU, María José Gómez Alvite.

## **10.- ECONOMÍA**

- “A Ulloa en cifras”, publicado en *Cairón nº 1*.

## **VII.- LABOR EDITORIAL**

### **A) Presentacións de *Cairón* nº 1**

- Monterroso. Feira do libro, 18 marzo. Presentado por María José Alvite, Francisco Pardo e polo director da revista Daniel Salgado,
- Palas de Rei Casa do Outeiro. 13 de abril. Presentado por María José Alvite e Francisco Pardo, e lectura de texto de Daniel Salgado.
- Antas de Ulla. Biblioteca Pública Municipal. Casa da Cultura, 1 de maio. Presentado por María José Gómez Alvite e Francisco Pardo, e lectura de texto de Daniel Salgado.

**B) Feira do libro e do disco antigo, organizada pola asociación *25 xastres* o 18 de marzo. Stand de divulgación editorial.**

**C) *Cairón* nº 2. *Boletín Anual do Instituto de Estudos Ulloáns*: Ao longo de 2017 foron achegados os artigos que darán contido ao número 2 da revista:**

- “Estudo eséxese antropoloxía da cantiga *Se ti vives o que eu vin*”. Xesús Alonso Montero.
- “As orixes ulloás do trobador Johán Lopez d’Ulhoa”. Gregorio Ferreiro Fente.
- “O patrimonio cultural da Ulloa á luz da recente Lei 5/2016”. Sabela Pardo Rodríguez.
- “A vida sociocultural en Antas de Ulla durante o último século”. Patricia Coucheiro.
- “Pedras que falan: catálogo das labras heráldicas do Concello de Monterroso”. Jesús Otero Pereiras.
- “Benedicto Fuentes Díaz, xefe da guerrilla do Alto Ulla”. Xosé de Castro.
- “Persoeiros do Castelo de Pambre”. Francisco Pardo Teijeiro.
- “Un repaso aos dez anos de Festiulloa, o festival de música clásica da comarca”. Rudi Esteban.
- “Guerra na Ulloa. Primeira e segunda guerras carlistas. Batallas e personaxes”. Fernando Salgado.
- “Censo dos grupos de rock na comarca”. Daniel Salgado e Adrián Pardellas.
- “As fadas equinas na bisbarra da Ulloa. O caso dos Phoucas” María José Gómez Alvite.

**D) “A poesía de Lorenzo Varela explicada nos centros de ensino”. Edición de Gregorio Ferreiro Fente e María Pilar Silva del Río. Ed. Concello de Monterroso, Instituto de Estudos Ulloáns e Xunta de Galicia, 2017.**